



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

X lexislatura  
Número 433  
18 de febreiro de 2019



CSV: BOPGDSPG-SzyH84kGO-3

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



## SUMARIO

### 1. Procedementos parlamentarios

#### 1.3. Procedementos de control e impulso

##### 1.3.6. Proposicións non de lei

##### 1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

#### Rexeitamento da iniciativa

##### ■ 34677 (10/PNC-002813)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre actuacións que debe desenvolver a Xunta de Galicia, en cumprimento da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, para acadar, no ámbito das súas competencias, deducións do IRPF por descendencia para familias monoparentais en combinación con criterios redistributivos acordados co nivel de renda

[148062](#)

##### ■ 42441 (10/PNC-003436)

Grupo Parlamentario de En Marea

Torregrosa Sañudo, Julia e Lago Peñas, José Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para analizar as causas do menor crecemento de Galicia respecto da media española de acordo coas estatísticas do INE e a proposta de medidas que corrixan esta situación

[148062](#)

##### ■ 43466 (10/PNC-003491)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para informar respecto da eficacia e eficiencia na prestación de servizos públicos e do financiamento dos concellos de Oza-Cesuras e Cerdedo-Cotobade antes e despois das súas respectivas fusións

[148062](#)

##### ■ 44342 (10/PNC-003554)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e Villares Naveira, Luis

Sobre o traslado á sede parlamentaria para debater e para acordar a estratexia de reestruturación da débeda que está a elaborar a Xunta de Galicia

[148063](#)

##### ■ 44419 (10/PNC-003561)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas empresas asentadas nos parques empresariais dos concellos acollidos á iniciativa *Doing Business* e coas necesidades de todos os parques empresariais de Galicia

[148063](#)



**COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA****Rexeitamento das iniciativas****I 39655 (10/PNC-003185)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre a autorización pola Xunta de Galicia da oferta das materias de Grego I e de Xeoloxía no IES Lama das Quendas, de Chantada [148063](#)

**I 43500 (10/PNC-003494)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para dar cumprimento aos compromisos de financiamento asumidos co Consorcio para a Promoción da Música, encargado da xestión directa da Orquestra Sinfónica de Galicia [148063](#)

**1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario****1.3.8.1. Informes anuais de fiscalización das contas do sector público de Galicia****COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA PARA AS RELACIÓNS CO CONSELLO DE CONTAS**

I Informe da Ponencia relativo aos informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2017 [148064](#)

**3. Administración do Parlamento de Galicia****3.2. Recursos humanos**

I Resolución do 15 de febreiro 2019 pola que se fai público o resultado do sorteo para a determinación da orde de actuación dos aspirantes nos procesos selectivos que se realicen derivados da oferta de emprego público do ano 2018 [148066](#)



## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.3. Procedementos de control e impulso

#### 1.3.6. Proposicións non de lei

##### 1.3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

#### COMISIÓN 3ª, ECONOMÍA, FACENDA E ORZAMENTOS

A Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos, na súa sesión do 15 de febreiro de 2019, adoptou os seguintes acordos:

#### Rexeitamento da iniciativa

- 34677 (10/PNC-002813)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis

Sobre actuacións que debe desenvolver a Xunta de Galicia, en cumprimento da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, para acadar, no ámbito das súas competencias, deducións do IRPF por descendencia para familias monoparentais en combinación con criterios redistributivos acordos co nivel de renda

BOPG nº 350, do 03.09.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 42441 (10/PNC-003436)

Grupo Parlamentario de En Marea

Torregrosa Sañudo, Julia e Lago Peñas, José Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para analizar as causas do menor crecemento de Galicia respecto da media española de acordo coas estatísticas do INE e a proposta de medidas que corrixan esta situación

BOPG nº 410, do 14.01.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 43466 (10/PNC-003491)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e tres deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para informar respecto da eficacia e eficiencia na prestación de servizos públicos e do financiamento dos concellos de Oza-Cesuras e Cerdedo-Cotobade antes e despois das súas respectivas fusións

BOPG nº 418, do 24.01.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.



- 44342 (10/PNC-003554)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel e Villares Naveira, Luis

Sobre o traslado á sede parlamentaria para debater e para acordar a estratexia de reestruturación da débeda que está a elaborar a Xunta de Galicia

BOPG nº 422, do 30.01.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 44419 (10/PNC-003561)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas empresas asentadas nos parques empresariais dos concellos acollidos á iniciativa *Doing Business* e coas necesidades de todos os parques empresariais de Galicia

BOPG nº 422, do 30.01.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2019

Eva Solla Fernández

Vicepresidenta 2ª

#### COMISIÓN 4ª, EDUCACIÓN E CULTURA

A Comisión 4ª, Educación e Cultura, na súa sesión do 15 de febreiro de 2019, adoptou os seguintes acordos:

#### Rexeitamento das iniciativas

- 39655 (10/PNC-003185)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre a autorización pola Xunta de Galicia da oferta das materias de Grego I e de Xeoloxía no IES Lama das Quendas, de Chantada

BOPG nº 383, do 14.11.2018

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

- 43500 (10/PNC-003494)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e dous deputados/as máis



Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego para dar cumprimento aos compromisos de financiamento asumidos co Consorcio para a Promoción da Música, encargado da xestión directa da Orquestra Sinfónica de Galicia  
BOPG nº 418, do 24.01.2019

Sométese a votación e resulta rexeitada por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2019  
Eva Solla Fernández  
Vicepresidenta 2ª

### **1.3.8. Procedementos de control económico e orzamentario**

#### **1.3.8.1. Informes anuais de fiscalización das contas do sector público de Galicia**

##### **COMISIÓN PERMANENTE NON LEXISLATIVA PARA AS RELACIÓNS CO CONSELLO DE CONTAS**

#### **Informe da Ponencia relativo aos informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2017**

De conformidade co disposto nos artigos 65 e concordantes do Regulamento da Cámara, ordénase a publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* do Informe da Ponencia relativo aos informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2017

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2019  
Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente

#### **Informe da Ponencia relativo aos informes de fiscalización do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades do Consello de Contas de 2017 (Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio 2016)**

Logo de estudar os informes de fiscalización das contas do sector público de Galicia contidos na Memoria de actividades de 2017, así como as 11 propostas de resolución presentadas polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia (doc. núm. 45206), as 19 do Grupo Parlamentario de En Marea (doc. núm. 45321), as 25 formuladas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 45334) e as 10 formuladas polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 45290), a Ponencia, integrada por Dª Cristina Romero Fernández, do G.P. Popular de Galicia; Dª Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, do G.P. dos Socialistas de Galicia, e Dª Noa Presas Bergantiños, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, na reunión que tivo lugar o 13 de febreiro de 2019, elévalle á Comisión o seguinte



## INFORME

— Recomendación de aprobación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio económicos de 2016.

A ponente do Grupo Parlamentario Popular recoméndalle á Comisión a aceptación da proposta de resolución número 1 deste grupo parlamentario relativa á aprobación da Conta Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao exercicio 2016.

— Propostas de resolución

1. *Propostas de resolución aceptadas*

A ponente do Grupo Parlamentario Popular recomenda a aceptación das propostas de resolución números 2 a 11 deste mesmo grupo parlamentario.

Recoméndase tamén a aprobación das propostas de resolución números 17 e 19 do Grupo Parlamentario dos Socialistas.

As propostas de resolución números 5 e 15 do G.P. dos Socialistas de Galicia subsúmense nas números 8 e 6, respectivamente, do G.P. Popular.

2. *Propostas de resolución transaccionadas*

Recoméndase a aprobación das transaccións seguintes:

— Transacción elaborada coa proposta de resolución número 18 do G. P. dos Socialistas de Galicia coa seguinte redacción:

*O Parlamento insta a Xunta de Galicia a continuar verificando o nivel de calidade asistencial da súa rede de centros de atención ás persoas maiores adscritos á Consellería de Política Social.*

— Transacción elaborada coa proposta de resolución número 9 do G. P. do Bloque Nacionalista Galego coa seguinte redacción:

*O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dar cumprimento ás recomendacións relativas ás fundacións sanitarias públicas.*

3. *Propostas de resolución rexeitadas*

A ponente do Grupo Parlamentario Popular recomenda o rexeitamento das restantes propostas de resolución.

Santiago de Compostela, 13 de febreiro de 2019

Cristina Romero Fernández

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

Noa Presas Bergantiños



### 3. Administración do Parlamento de Galicia

#### 3.2. Recursos humanos

#### **Resolución do 15 de febreiro 2019 pola que se fai público o resultado do sorteo para a determinación da orde de actuación dos aspirantes nos procesos selectivos que se realicen derivados da oferta de emprego público do ano 2018**

En cumprimento do disposto na Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia do 13 febreiro de 2019 e na normativa aplicable ao Parlamento de Galicia en materia de selección do seu persoal, o día 15 de febreiro de 2019, na sala de ponencias C do Parlamento de Galicia e baixo a presidencia do letrado oficial maior, tivo lugar o sorteo ao que alude a citada resolución.

Conforme o resultado do dito sorteo, a orde de actuación dos aspirantes nos procesos de selección para o ingreso no Parlamento de Galicia que deriven da oferta de emprego público correspondente ao ano 2019 empezará por aqueles cuxo primeiro apelido comece pola letra L.

Esta resolución publicarase na web e mais no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 febreiro de 2019  
Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente do Parlamento de Galicia





# **ESTRUTURA DO BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **1. PROCEDEMENTOS PARLAMENTARIOS**

### **1.1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA**

1.1.1. NORMAS APROBADAS

1.1.2. PROPOSTAS DE NORMAS

### **1.2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL**

1.2.1. INVESTIDURA

1.2.2. MOCIÓN DE CENSURA

1.2.3. CUESTIÓN DE CONFIANZA

### **1.3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO**

1.3.1. CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI

1.3.2. COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA

1.3.3. EXAME DE PROGRAMAS E PLANS

1.3.4. ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN

1.3.5. MOCIÓNS

1.3.6. PROPOSICIÓNS NON DE LEI

1.3.7. OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN E ACORDOS

1.3.8. PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO

### **1.4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN**

1.4.1. INFORMACIÓNS REMITIDAS POLA XUNTA DE GALICIA

1.4.2. SOLICITUDES DE COMPARECENCIA

1.4.3. INTERPELACIÓNS

1.4.4. PREGUNTAS

1.4.5. RESPOSTAS A PREGUNTAS

1.4.6. SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS DE DEPUTADOS E DE COMISIÓNS

1.4.7. RECONVERSIÓNS POR FINALIZACIÓN DO PERÍODO DE SESIÓNS

### **1.5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS**

### **1.6. PROCEDEMENTOS DE ELECCIÓN, DESIGNACIÓN E PROPOSTA DE NOMEAMENTO**

### **1.7. PROCEDEMENTOS RELATIVOS AO DEREITO DE PETICIÓN**

## **2. ELECCIÓN E COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

### **2.1. ELECCIÓN DO PARLAMENTO**

### **2.2. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E DOS SEUS ÓRGANOS**

### **2.3. RÉXIME E GOBERNO INTERIOR**

### **2.4. ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO**


## **3. ADMINISTRACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA**

## **4. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS**

### **4.1. INFORMACIÓNS**

### **4.2. CORRECCIÓNS DE ERROS**





PARLAMENTO  
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

